

**MEDIDAS SOBRE VENDA DIRECTA DE PRODUTOS AGROGANDEIROS NOS MERCADOS,
A VENDA DE PRODUTOS VEXETAIS PARA A PLANTACIÓN EN HORTAS DE
CONSUMIDORES FINAIS E O DESPRAZAMENTO DE AGRICULTORES E VITICULTORES
PARA OS EFECTOS DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES AGRARIAS.**

O. 23 de marzo de 2020. DOG nº 58 do 24 de marzo de 2020

- Queda prohibida ata que se autorice a realización dos mercados tradicionais que teñen lugar nos concellos de Galicia con venda directa de produtos agrícolas e gandeiros.
- Fomentárase a venda de produtos agrícolas e gandeiros por medios alternativos que non impliquen presenza física, como por vía telefónica, con realización de pedidos a través da rede en liña (correo electrónico), ou similares, servidos polo produtor no domicilio do consumidor, e que eviten o desprazamento de persoas pola vía pública.
- Cando se autoricen a realización de feiras e mercadillos de produtos agroalimentarios cumpriran as seguintes normas:
 - Os postos deberán atoparse **separados** por una vía de tránsito e una distancia mínima entre eles de 6 metros; permítese separación mínima de 4 metros entre os laterais; a forma de disposición recomendada é triángulo equilátero; dentro do mesmo posto as persoas vendedoras deberán gardar una distancia mínima de 2 metros; recomendase dispoñer de **luvas** dun só uso para tocar os produtos e contar dispensadores de xel desinfectante.
 - As persoas vendedoras; serán as **titulares da explotación** agraria inscritas na Sevedi, parentes de 1º grao colaboradoras da actividade agraria ou empregados da explotación.
 - A **distancia** mínima entre cada persoa usuaria será de 2 metros
 - Os refugallos xerados serán depositados en bolsas dentro dos colectores instalados para o efecto - Venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais.
- PARA DESPRAZAMENTOS NO ESTADO DE ALARMA: As persoas vendedoras de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais deberán dispoñer do carnet básico de aplicación de produtos fitosanitarios como acreditación. A acreditación de polas persoas compradoras de produtos vexetais con destino á plantación en hortas farase co dito carnet. - Realización de actividades agrarias.
- Os/as agricultores e viticultores profesionais e os seus traballadores poderán desprazarse para realización dos traballos necesarios de atención e mantemento dos cultivos/viñas. Para ser agricultor/a profesional, xa sexa a tempo completo/parcial, terá que estar de alta no Reaga.
- As persoas con cultivos/viñas para autoconsumo, poden realizar desprazamentos mínimos e imprescindibles para mantemento/atención dos mesmos, sin que dito desprazamento sexa superior a 500 metros de vivenda habitual. Non pode haber máis de 2 persoas por leira